

Carta aos participantes

Hola,

¿gustaríache participar nun campus de balonmán en Tarrío?. ¿Cómo, que non sabes o que é un campus?. Pois un campus é ... para comezar son moitas cousas. ¿Imaxínaste con moitos dos teus amigos e outros moitos rapaces que pasarán a ser moi amigos teus?. Pois vas achegándote ... ¿Queres estar xogando sen parar durante toda a mañá, aprender un montón de cousas e xogos novos, pasalo en grande cos teus compañeiros?. Cada vez estás máis perto. ¿Pero de verdade que estás disposto a xogar e marcar goles coma nunca fixeches?. ¿Seguro que te queres converter no campión do campamento? ¡Bahl, nos cremos que a ti non che interesa nada disto ¿non si?. Esquécete de todo ... a non ser que queiras pasalo en grande coma nunca. Entón participa no I CAMPUS BALONMAN CULLEREDO.

Esperámoste en Culleredo no verán,

Os monitores do campus.

ORGANIZA:



COLABOURAN:



# BALONMÁN CULLEREDO

25 XUÑO AO 31 DE AGOSTO 2012

inscricións semanais ou quincenais

nen@s dende 5 ata 14 anos

ORGANIZA:

**LUGAR:**  
**Pavillón Mpal. Tarrío**



COLABOURAN:



[balonmanculleredo@gmail.com](mailto:balonmanculleredo@gmail.com)

## **INFORMACIÓN E CALENDARIZACIÓN**

**-Calendarización:** \*Dende o luns 25 de Xuño ata o venres 31 de agosto de 2012, con inscricións semanais ou quincenais (cada luns recíbense as novas incorporacións)

\*Hora chegada alumnos: 09:00

\*Hora recollida alumnos: 14:00

¡Ollo, os días de campus son de luns a venres. Non inclúen fin de semana!

*\*Os días 25 de Xullo e 1 de Agosto non haberá actividades*

### **-Prezo:**

\*semanal: 50€/alumno (45€/alumno si é socio da ANPA de Tarrío ou do BM CULLEREDO)

\*quincenal: 85€/alumno (80€/alumno si é socio da ANPA de Tarrío ou do BM CULLEREDO)

**-Idades:** de 5 a 14 anos (estableceranse varios grupos segundo as idades dos participantes)

**-Actividades a desenvolver:** \*Xogos predeportivos e deportivos

\*Animación, desenrolo psicomotriz

\*Talleres diversos

\*Iniciación e perfeccionamento do deporte do balonmán

-Número mínimo de participantes: 20

-Número máximo de participantes: 100

**-Inscrición:** -envío da ficha de inscrición cuberta **xunto co resgardo do pagamento** a [balonmanculleredo@gmail.com](mailto:balonmanculleredo@gmail.com)

\*Data límite de inscrición o **xoves 31 de maio de 2012**

**-Pago:** -número de conta: **1465-0100-95-2019673505 (ING)**

-titular: **JACOB CANEDO**

-CONCEPTO: **NOME DO ALUMNO + CAMPUS BM CULLEREDO 2012**

\*Non existirá servizo de comidas, mais dispoñemos de tempo e espazo para realizaren un "pincho" a media mañá coa comida que traia cada alumno. Recoméndase que cada participante traia da casa un pequeno bocadillo e unha froita (comida saudable).

Coordinador da actividade: Jacob Canedo Monasterio-654 656 023

[balonmanculleredo@gmail.com](mailto:balonmanculleredo@gmail.com)

## Carta aos pais

Querido pai/nai:

Dende o clube Balonmán Culleredo queremos convidarte a que o teu fillo/filla participe no **I Campus Balonmán Culleredo**. Nesta singular actividade non só coidaremos do teu fillo, senón que tamén faremos que pase uns días moi divertidos ao tempo que complementamos a súa formación educativa.

O **I Campus Balonmán Culleredo** consiste nun campamento lúdico no que o teu fillo gozará practicando deporte, realizando infinidade de xogos e talleres e máis aprenderá a relacionarse cos seus compañeiros e co medio natural. Ademais aprenderá os fundamentos do balonmán adaptado a súa idade. O formato é en horario de mañá nesos días de verán que son festivos para os escolares mais non para tódolos pais. A inscrición pode ser semanal ou quincenal, con incorporación de novos rapaces cada luns, para así compaxinar mellor os períodos de lecer dos pais e dos fillos.

O lugar de realización é o pavillón municipal de Tarrío, ao carón do CEIP de Tarrío, en Culleredo.

O campamento estará tutorizado por profesionais das actividades de ocio e de tempo libre, todos eles acostumados ao traballo con rapaces das idades que incluímos nesta actividade.

É por todo isto que pedimos que confíes en nos para a educación do teu fillo nos vindeiros días de verán. Estamos seguros que cumpriremos as túas expectativas.

Non ten que dicir que calqueira dúbida que teñas pódela consultar con nos directamente ao través do correo electrónico ou do número de teléfono do coordinador da actividade.

Sen máis recibe un cordial saúdo do clube **BALONMÁN CULLEREDO** e do equipo de monitores do **I Campus Balonmán Culleredo**



<b>INCORPORACIÓN:</b>	25-6	02-7	09-7	16-7	<b>SEMANAL</b> <input type="checkbox"/>	<b>QUINCENAL</b> <input type="checkbox"/>	
	23-7	30-7	06-8	13-8	20-8	27-8	<b>SOCIO ANPA OU BM CULLEREDO</b>
							SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>

NOME DO PARTICIPANTE:..... IDADE:..... COLEXIO:.....

.....NOME DO RESPONSABLE(persoa que recollerá ao alumno ao finalizar a actividade):.....

..... TELÉFONO DE CONTACTO:.....

CORREO ELECTRÓNICO:.....OBSERVACIÓNS (alergias, intolerancias ...): ....

Autorización realización de fotografías que inclúan ao meu fillo/filla (memoria)

AUTORIZO  NON AUTORIZO

**Sinatura:**.....